

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. Dubert García (2004): “Achegas para a morfoloxía do pronome acusativo de P₃ e do artigo determinado en galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 59-69.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ACHEGAS PARA A MORFOLOXÍA DO PRONOME ACUSATIVO DE P₃ E DO ARTIGO DETERMINADO EN GALEGO

Francisco Dubert García

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Un problema que vén sendo observado desde hai tempo na lingüística galega fai referencia á segmentación morfolóxica das secuencias caracterizadas pola presenza das *segundas e terceiras formas* do artigo determinado e do pronome acusativo átono da P₃, e consonte con isto, a decisión do número de alomorfos que estas unidades teñen. Tamén é un problema que ten levantado certa polémica, no que ó artigo se refire, se as *segundas e terceiras formas* son un fenómeno fonético (fonolóxico sería o adxectivo máis conveniente) ou se se orixinan na compoñente morfolóxica da lingua. Dado que pensamos que está sobradamente demostrado que nos encontramos ante un fenómeno que atangue á morfoloxía¹, o interese deste traballo céntrase no problema da segmentación morfolóxica e, alén disto, na descrición dos procesos que, ó noso ver, se producen na inserción do pronome e do artigo. O noso ánimo é dar unha interpretación que se centre na sincronía, pois estes procesos prodúcense na actualidade, aínda que teñan raíces no pasado. De tódalas formas, ás veces poderá ser inevitable unha breve reflexión histórica. Finalmente, algo que debe ficar claro é que aquí describimos unha situación *estable, ideal* e polo tanto, *teórica*, pois estas unidades (sobre todo o artigo) están suxei-

¹ “La presencia del artículo y de la forma oblicua del pronombre de tercera persona produce el cambio asimilatorio en *-l* de la *-r* de los infinitivos, y de la *-s* de gran número de palabras. Se trata de un contexto morfemático, porque es la presencia del artículo o del pronombre de tercera persona en su forma oblicua lo que produce la variante” (Taboada, 1979, p. 110). Tamén: “En galego /N/ final realízase sempre como velar [kʷl̥ɛŋ] [báŋ ɛŋ ašúda d̥ɛl̥ɛš], pero cando o seguen o artigo ou o pronome persoal de terceira persoa tórnase alveolar [kʷl̥ɛn̥ã m̥ɛŋ], [kʷl̥ɛn̥a]. Nótese que non dicimos cando segue vocal nin vocal de certas características, senón unhas formas paradigmáticas, que comezan por vocal *o, a*, que se non forman parte do artigo ou pronome citado esixen unha realización velar do /N/” (Álvarez Blanco, 1983, p. 178). Véxase tamén como Matthews (1991, pp. 145-165) ou Aronoff (1975, pp. 88-89) consideran fenómenos morfolóxicos aqueles que se ven condicionados pola presenza de tales ou cales morfemas (ou unidades gramaticais ou léxicas), mentres que consideran fonolóxicos (e fonéticos, polo tanto) os ocasionados por un contorno estritamente fonolóxico.

tas a un alto grao de variabilidade que nós intencionalmente solapamos; só no último momento faremos referencia a esa variabilidade deixando o marco completamente aberto e esperando achegar novos datos e interpretacións sobre o fenómeno.

2. OS PROBLEMAS DA SEGMENTACIÓN E DO PROCESO MORFOLÓXICO

2.1. Se resumímo-lo que se di na bibliografía moderna observamos que, polo que se refire ó número e identificación dos alomorfos, tódolos autores consultados recoñecen a existencia das 2^{as}Fs *lo*, tanto no artigo coma no pronome acusativo; tamén todos aceptan a existencia da 3^aF do pronome tras ditongo. O problema xorde cando o artigo ou o pronome aparecen tras palabra rematada en consoante nasal, pois neste caso xa non existe unha interpretación unánime: existen autores como Regueira² (1989) que pensan que só se dan 3^{as}Fs do pronome tras ditongo; mentres, outros como Taboada (1979, pp. 107-111 e 113-115) falan da 3^aF do pronome, ou da 3^aF do pronome e do artigo, como o fai Álvarez Blanco (1980 e 1983).

2.2. Todos parecen estar de acordo en que a segunda forma *-lo* se suma á palabra que a precede *asimilando* ou *borrando* a consoante *-R/* ou *-S/* que a precede e condiciona. Só Porto Dapena (1977, pp. 134-135) e Taboada (1979, p. 53) falan dunha neutralización entre */S/ ~ /R/* das formas modificadas e o */l/* dos artigos e pronomes. Nós cremos que para marcar un contexto de neutralización fonolóxica (ámbito do segundo modo de articulación da lingua) non debemos botar man de condicionantes morfolóxicos (ámbito do primeiro modo de articulación da lingua) e por iso non concordamos cos devanditos autores.

A conformación da secuencia [no] xeralmente explicase como un *proceso morfolóxico* por mor do cal a realización do arquifonema *implosivo /N/* seguido do artigo ou do pronome modifica o seu punto de articulación desde o esperado *-[ŋ]* ante vocal para o alveolar *-[n]*. Os autores que negan a existencia aquí das 3^{as}Fs consideran que este *-[n]* pertence á unidade implosiva *-/N/* e a forma do artigo *~* pronome é *o*. Os autores que recoñecen a existencia do alomorfo *-no* do artigo ou do pronome xulgan que o *[n]-* pertence a ese alomorfo das 3^{as}Fs; de tódolos xeitos, xeralmente non nos deixan moi claro qué pasou co */N/* da forma que recibe este alomorfo *no*. Só Rosario Álvarez Blanco (1991, p. 527, n. 3) fala da desaparición de */N/* ó se produci-la adición do alomorfo *no*. Adiantando acontecementos, imos sinalar que esta é a vía que nós imos continuar, pois no primeiro modo de analiza-la cuestión observámo-la desvantaxe de que se traten coma se fosen dous fenómenos distintos unha serie de cambios que teñen unha orixe común e uns resultados similares: unha determinada unidade gramatical muda a

² Regueira (*ibidem*, p. 533) acepta a 3^aF do artigo.

súa forma en función do contexto fonolóxico en que aparece e provoca unha serie de mudanzas noutra que a precede. Dun lado recoñécese que existe unha variante no pronome e no artigo cando aparecen tras /S/ ou /R/, pero négase que suceda tal cando o artigo e o pronome aparecen tras /N/; doutro lado, non se produce un *aforro* de alomorfos (o que traería consigo unha simplificación na descrición), pois segue facendo falta unha 3ªF do pronome para os verbos rematados en ditongo³; e como despois veremos, complicase a descrición fonolóxica do galego con regras provocadas por elementos morfolóxicos. A nós parécenos que se o cambio se produce, nos dous casos, pola presenza dunha determinada unidade morfolóxica, a interpretación que se lle dea ó fenómeno pode ser común.

2.3. Nós cremos que esta desconformidade á hora de establecer cántos alomorfos ten o artigo e o pronome xorde ó darlle excesiva importancia a:

- a) O proceso histórico de creación das variantes: nun caso encontrámonos ante unha asimilación regresiva, en que o asimilante foi o *l-* do artigo; no outro ante unha asimilación progresiva, en que o asimilante foi o *-n* da outra unidade; e
- b) Que exista unha maior distancia fonética e fonolóxica entre [r] e [ʒ] e [l] ca entre [ŋ] e [n].

Estas evidencias poden facer pensar que [l] pertence ó artigo ou ó pronome e non á unidade que contén /S/ ou /R/, e que [n] pertence á unidade que contén /N/ e non ó artigo ou o pronome. Despois de todo, a *antiga* forma do primitivo artigo ~ pronome era *lo* (e *lo* segue a ser hoxe unha das formas do artigo e do pronome); e a nasal representada polo grafema <n> recobra o seu papel de SNP (ou parte de SNP) dos verbos, ou parte non segmentable doutra unidade léxica ou gramatical (*non*, *nin*, *sen*, *alguén*)⁴ nos contextos en que non aparece o artigo ou o pronome.

3. OS NIVEIS DE ANÁLISE E A COMPOÑENTE FONOLÓXICA

Antes de comezar coa nosa proposta, consideramos necesario deixar claras algunhas coordenadas que nos sirvan de base para acomete-la nosa interpretación da alomorfa do artigo e do pronome en galego. Dun lado, recordaremos un aspecto importante da estrutura da lingua, como é a falta de correspondencia entre as unidades pertencentes ós

³ E nalgúns falantes, tamén para o artigo: véxanse os exemplos de alomorfo *no* do artigo tras ditongo en Álvarez Blanco (1983, p. 179)

⁴ Por exemplo, nas *Normas*, p. 85, dise que tras *-r* e *-s* “a asimilación foi regresiva (...) deste modo o artigo seguiu mantendo a *forma primitiva*” (cursiva nosa). Aínda que se diga que mantén a *forma*, cómpre recordar que o antigo *lo* previo á asimilación e o *lo* galego posterior á asimilación son unidades morfoloxicamente distintas: o primeiro aparecía en calquera contexto sen modificar nada; o segundo só tras *-s* e *-r*. Como Porto Dapena afirma: “diacrónicamente, *-l-* {e *-n-*, engadimos nós} tanto forma parte del artículo como de la palabra anterior” (1977, p. 155, n. 1).

distintos niveis de análise; doutro, daremos unhas notas que consideramos pertinentes acerca da nosa interpretación do sistema fonolóxico do galego e das súas implicacións no tema que estamos a tratar.

3.1. Queremos comezar recordando que os niveis de análise lingüística son independentes: formalmente en [nũŋ] (escrito <nun>) encontramos unha soa palabra fonolóxica (ou *word form*, que diría Matthews, 1991, pp. 24-30), pero, desde un punto de vista morfosintáctico, o que realmente existe son dúas palabras distintas expresadas a través dunha contracción: a preposición *en* e o artigo *un* (as categorías morfosintácticas da preposición e do artigo, que noutros contextos teñen significantes propios, aparecen expresadas agora nun só). Estas dúas entidades morfosintácticas encóntranse en niveis sintácticos distintos. A preposición *en* introduce unha frase preposicional; o artigo forma parte dunha frase nominal *dominada* toda ela pola frase preposicional anterior. Aínda que formalmente encontramos unha soa unidade, estruturalmente temos dúas que están a distintos niveis: o artigo sitúase en relación directa coa entidade nominalizada que lle segue e só indirectamente coa preposición que o precede. Con todo isto simplemente queremos lembrar algo tan básico como que os niveis fonolóxico, morfolóxico e sintáctico son independentes e que unha unidade distinta dun nivel pode mostrarse soldada a outra nun nivel distinto: non sempre se dan correspondencias exactas. Polo tanto, nunha secuencia como *ve-la tele* podemos considerar que *ve-la* é unha soa palabra fonolóxica, independentemente da función morfolóxica e sintáctica que desenvolvan cada un dos constituíntes que nela achemos segundo o nivel de análise en que nos movamos.

3.2. Para nós, no sistema fonolóxico do galego existe un fonema /ŋ/ nasal velar oposto a /m/, /n/ e /ɲ/ (cfr. Amable Veiga, 1976, que defende a inexistencia de /ŋ/). Este fonema aparece en posición explosiva, pois na posición implosiva só encontrámo-lo arquifonema /N/. Uns investigadores definen este arquifonema como nasal (froito só da neutralización de tódolos fonemas nasais en posición implosiva, por exemplo Regueira, 1989); outros considéranlo como interrupto (representante da neutralización de tódolos fonemas interruptos, por exemplo Amable Veiga 1976). Esta é unha polémica que agora non nos interesa, pois non inflúe para nada nin na nosa descrición nin nas nosas conclusións: o único que queremos destacar con esta afirmación é que /ŋ/ e /N/ son dúas unidades fonolóxicas distintas⁵. Queremos salientar ademais que o arquifonema /N/ non se debe identificar exclusivamente co son [ŋ], pois esta é simplemente unha das varias realizacións que a devandita unidade ten, ó lado de [m], [ɲ], [ɳ] e [ɲ]. Sen embargo, o fonema /n/ só se pode identificar coa realización [n], e o fonema /ŋ/ só co son [ŋ] (véxase a

⁵ En palabras de Alexandre Veiga (1993, p. 118): “Concebimos los archifonemas como unidades del sistema fonológico que, como los fonemas, son comprobables por conmutación y se realizan en sonidos concretos, pero que, al contrario que estos, aparecen exclusivamente en posiciones de neutralización, y que como consecuencia, sus matrices de rasgos son *abiertas* desde el punto de vista del sistema: existen otras unidades que presentan los mismos rasgos que caracterizan a un archifonema dado más otro u otros rasgos (el / los neutralizado(s))”.

Gram. Gal., pp. 33-34). Isto significa que en [ˈano] identificámo-la secuencia fonolóxica /ˈanO/, en [ˈuŋa] identificamos /uŋa/, e en [aleˈmãŋ] a secuencia /aleˈmaN/.

Outras unidades fonéticas que tamén se ven implicadas nestes procesos son [l], [r] e [s] ~ [ʃ], pero estas non presentan ningún problema á hora de adxudicalas a unha entidade fonolóxica: [l] realiza a /l/ en posición explosiva⁶; [r] é a realización de /R/ na posición implosiva; e [s] ~ [ʃ] actualizan a /S/ (véxase Amable Veiga, 1976 e a *Gram. Gal.*, pp. 24-42).

Polo tanto, na actual sincronía do galego observamos que o arquifonema /S/ aparece en posición implosiva e que se realiza foneticamente [s] ante vocal ([ˈtras ˈana] ‘tras Ana’); que o arquifonema /R/ en posición implosiva se realiza [r] ante vocal ([saˈir ˈoʃe] ‘saír hoxe’); que o arquifonema /N/ só aparece en posición implosiva e que se realiza [ŋ] ante vocal ([eʃˈtaŋ aluˈaðas] ‘están aluadas’); e que o fonema /n/ só aparece en posición explosiva e que lle corresponde unha realización [n]. Por todas estas razóns consideramos que a forma fonolóxica que subxace a [ˈkɔmẽno] ‘cómeno’ é /kɔmEnO/ e non /kɔmENO/, da mesma maneira que a forma que subxace a [ˈkɔmelo] ‘cómelo’ é /kɔmEIO/. Desde a nosa perspectiva, a presenza do pronome acusativo e do artigo determinado non ocasiona un cambio nas regras que actualizan os fonemas e arquifonemas, senón que provoca un cambio na selección das entidades fonolóxicas sobre as que asentamos os contidos léxicos e gramaticais. Deste modo, non se alteran as regras fonolóxicas, que son sempre as mesmas, senón que se substitúe unhas entidades fonolóxicas por outras:

/kɔmES ˈɔbOS/ > /kɔmEIOS	ˈbeS peˈlikulaS/ > /ˈbelaS/
/kɔˈmeR ˈɔbOS/ > /kɔˈmeIOS	ˈbeR peˈlikulaS/ > /ˈbelaS/
/kɔmEN ˈɔbOS/ > /kɔmEnOS	ˈbeN peˈlikulaS/ > /ˈbenaS/

A nasal das 3^{as} Fs remite a unha entidade explosiva na compoñente fonolóxica: non nos encontramos aquí cun /N/ implosivo realizado como alveolar, senón que subxacendo a ese [n] temos un /n/ que só pode ser explosivo. É por isto que temos que discrepar coas afirmacións de Regueira (1989, p. 94) segundo as cales cando /N/ vai seguido dun pronome átono acusativo de P₃ “pasa a articularse como alveolar”. Destas afirmacións deducimos que a secuencia [ˈbeno] ‘(eles) veno’ realiza foneticamente a /ˈbeNO/, e non a /ˈbenO/, como nós mantemos. Parécenos que a nosa interpretación ten a vantaxe de simplificar as regras fonolóxicas, pois non introduce nelas excepcións, que ademais se fundamentan en condicionamentos morfolóxicos e non fonolóxicos: o /N/ realízase sempre como [ŋ] ante vocal; se ante vocal aparece [n] temos como fonema /n/⁷. Somos conscientes de que enviámo-la complicación un banzo máis arriba e non a suprimimos,

⁶ Dado que /ʎ/ é unha forma que está a ser suplantada por /j/, non consideramos xa como propia do galego común a lateral palatal, polo que xa non é posible que esta se neutralice con /l/, nin que deste xeito apareza o arquifonema /L/. En todo caso, que considerasémo-la existencia de /ʎ/ non cambiaría nada na nosa análise.

⁷ Nisto concordamos con Rosario Álvarez Blanco (1991, p. 527): o arquifonema /N/ non ten realizacións alveolares [n] en galego.

pois agora temos alternancias /beN/ ~ /ben/, onde antes só tiñamos /beN/ con dúas realizacións [beŋ] ~ [ben]. Pero o que perdemos en comodidade gañámolo en coherencia na descrición fonolóxica das unidades. Ademais, este tipo de alternancias, e outras máis complicadas (confróntese [ale'mãŋ] /ale'maN/ ~ [ale'mãna] /ale'mana/ con [bo'tõŋ] /bo'toN/ ~ [aβoto'ar] /aboto'aR/ e estas con [deʒ'ðeŋ] /deS'deN/ ~ [deʒðe'ɲar] /deSde'ɲar/), son moi comúns no ámbito morfolóxico, e é na morfoloxía onde cremos que teñen a súa explicación. Este cambio das unidades fonolóxicas /S/ e /R/ por /l/ e de /N/ por /n/ é precisamente o proceso morfolóxico que imos tratar e debemos esclarecer.

4. A SEGMENTACIÓN MORFOLÓXICA DAS UNIDADES E O NÚMERO DE ALOMORFOS

4.1. Tendo en conta todo o que levamos dito, é hora xa de facer algunhas preguntas. As primeiras son: ¿cal é a segmentación morfolóxica que lles corresponde a secuencias con artigo como [ko'jinã'mãŋ] 'collín a man', [kɔʒela'mãŋ] 'cólle-la man' ou [koʒela'mãŋ] 'colle-la man', e secuencias con pronome acusativo como [koʒina] 'collina', [kɔʒela] 'cóllela' ou [koʒela] 'collela'? A interpretación morfolóxica que se lles dea a estes segmentos debe ser coherente coa que lle corresponda ás secuencias con artigo [koʒeðelos'kartos] 'colléde-los cartos' ou [koʒeronos'kartos] 'colléron os cartos', e as secuencias con pronome acusativo [koʒeðelos] 'collédelos' ou [koʒeronos] 'colléronos'. Na primeira serie encontrámonos con SNP e SMT alterados (-s, -n e -r), e na segunda serie con *partes* de SNP alteradas (-mos, -des e -ron). Cómpre, finalmente, que haxa tamén congruencia coa explicación doutras secuencias en que aparecen modificados pronomes e indefinidos: [keno'ði] 'quen o di' ou [al'uɣeno'ði] 'alguén o di'; substantivos: [dʒolo'paɣe] 'Diolopague' ('Deus o pague'); preposicións: [polo ka'miɲo] 'polo camiño', [senasfa'θer] 'sen as facer'; conxuncións [niño'penses] 'nin o penses'; adverbios [nõno'keiras] 'non o queiras', [des'poilaʒmu'ɟeres] 'despoilas mulleres'; sufixos nominais de número: [eleloʒ'ðoɣs] 'elelos dous', [toðalaʒ'nenas] 'tódalas nenas', etc. Finalmente, amais de establece-la segmentación morfolóxica que lles corresponde a esas secuencias fonéticas, tamén debemos preguntarnos acerca de cómo se produce o proceso morfolóxico que conduce a elas. Tentar aclarar estas cuestións constitúe a finalidade deste capítulo.

Sexan agora as seguintes cadeas:

P₂ do IPres: [kɔʒela'mãŋ] ~ [kɔʒela] e [falalouɣa'leɣo] ~ [falalo]

P₃ do IPres: [kɔʒea'mãŋ] ~ [kɔʒea] e [falaouɣa'leɣo] ~ [falao]

P₂ do Imp: [kɔʒea'mãŋ] ~ [kɔʒea] e [falaouɣa'leɣo] ~ [falao]

P₆ do IPres: [kɔʒenã'mãŋ] ~ [kɔʒena] e [falanouɣa'leɣo] ~ [falano]

Inf: [kɔʒela'mãŋ] ~ [kɔʒela] e [falalouɣa'leɣo] ~ [falalo]

A P₂ do IPres diferénciase da P₃ do IPres pola presenza do [l] na P₂ trala VT, e estas diferéncianse da P₆ do IPres pola presenza do [n] trala VT da P₆. A P₃ identifícase

fronte á P₂ e á P₆ simplemente porque trala VT se engade directamente a vocal que lle corresponde ó artigo ou ó pronome acusativo. Identificámo-la P₂ do Imp fronte á P₃ do IPres polo timbre da vocal tónica só nos verbos con alternancia vocálica; fóra destes, só o contexto ou a entoación permiten a distinción. O Inf queda diferenciado da P₂ do IPres fundamentalmente por ser arrizotónico (ten tónica a VT, mentres que a P₂ do IPres é rizotónica). Con isto queremos mostrar que son varios os recursos dos que nos servimos para identificar unidades, e que en todo caso, a pesar do *agrupamento* cos pronomes ou os artigos, as unidades verbais quedan distinguidas: o /l/ da P₂ do IPres ten a mesma capacidade distintiva có SNP /s/ que lle corresponde ó verbo noutros contextos ([kəʃes kara'muʃas]); exactamente igual acontece coa P₆, que queda identificada a través dun elemento distinto ó que lle corresponde noutros contextos ([kəʃeŋ kara'muʃas]). Visto que nós vencellamos [l] a /l/, [n] a /n/ e [ŋ] a /N/, podemos concluír que tanto /l/ coma /S/ serven para distingui-la P₂ da P₆, que se recoñece ben por /N/, ben por /n/.

Isto podería levarnos a pensar que o SNP da P₂ se expresa por medio de /l/ ante artigo determinado e ante pronome acusativo, e que o SNP da P₆ se expresa a través de /n/ ante as mesmas unidades. Pero, como vimos ó primeiro, as 2^aFs e as 3^aFs poden producirse noutros contextos distintos destes, en que /S/, /R/ ou /N/ son parte dun expoñente de número e persoa na morfoloxía verbal (*-mos* ou *-ron*), son expoñentes de número plural da morfoloxía nominal (*todos*), ou mesmo parte dunha raíz (*por*, *tras*, *quen*), etc. polo que é claro que nin /l/ nin /n/ se deben vincular exclusivamente cos SNP nin con ningunha desas outras unidades. Para nós, ámbolos fonemas pertencen ás diferentes formas do artigo determinado ou do pronome. Na nosa interpretación dos feitos, o artigo determinado e o pronome acusativo da P₃ teñen tres alomorfos que aparecen condicionados fonoloxicamente: se a palabra precedente acaba en vocal aparecen as denominadas 1^aFs, se remata en /R/ ou /S/ aparecen as 2^aFs, e se remata en /N/ aparecen as 3^aFs⁸. Despois da selección alomórfica, dáse un proceso morfolóxico que podemos denominar *subtracción*: a engádega dun sufixo provoca a perda dun segmento da palabra receptora (Matthews, 1991, p. 142). O certo é que aquí o artigo determinado e o pronome átono acusativo están a comportarse coma sufixos: como dixemos en 3.1, o artigo determinado e o pronome forman unha palabra fonolóxica coa unidade que os precede. Agora ben, ¿en que nivel análise se produce ese fenómeno de *subtracción*? Nós defendemos que se produce no nivel morfolóxico (e non no fonolóxico) e agora imos ve-la razón.

4.2. Nalgúns modelos de morfoloxía xenerativa distínguese entre regras de reaxuste e regras fonolóxicas (véxase Aronoff, 1975; Scalise, 1984; e Pena, 1990). As primeiras son de índole morfolóxica: deixan a palabra constituída no nivel fonolóxico subxacente; as segundas forman xa a compoñente fonolóxica e transforman esa unidade subxacente

⁸ Cómpre insistir en que teoricamente é calquera /N/, /S/ ou /R/ o que pode xera-lo proceso morfolóxico. Ó facerse unha descrición do fenómeno pódese caer nunha dependencia excesiva da *selección* de contextos que fai o normativizador, a cal crea un marco de construcións *normativamente correctas* ou *incorrectas*; pero é mester recordar que unha construción *normativamente incorrecta* non ten por qué ser *agramatical*.

na realización fonética final. As primeiras están condicionadas polos morfemas que se encontran no contexto inmediato á unidade modificada (están fundadas en información gramatical), mentres que as segundas están condicionadas polos fonemas que se encontran no contexto da unidade modificada e son de aplicación máis xeral; as regras de reaxuste aplícanse primeiro e crean a secuencia fonolóxica, e as regras fonolóxicas aparecen despois e transforman as unidades xa constituídas desde o nivel fonolóxico ó fonético. Vexámo-lo proceso no noso caso e aplicando esas regras:

- | | | |
|------------------------|---------------------|-------------------|
| A) a) /a'maraN/ + /nO/ | a) /a'maraS/ + /lO/ | a) /a'maR/ + /lO/ |
| b) /a'maranO/ | b) /a'maralO/ | b) /a'malO/ |
| c) [a'marano] | c) [a'maralo] | c) [a'malo] |
| B) a) /niN/ + /nO/ | a) /tRaS/ + /lO/ | a) /poR/ + /lO/ |
| b) /ninO/ | b) /tRalO/ | b) /polO/ |
| c) [ñino] | c) [tralo] | c) [polo] |

En A) aparecen secuencias en que /N/, /S/ e /R/ desenvolven unha función morfolóxica (son significantes de signo). En B) as unidades /N/, /S/ e /R/ pertencen a significantes non segmentables, polo que as devanditas unidades non desenvolven ningunha función morfolóxica. As secuencias a) representan a estrutura morfolóxica; aparecen os alomorfos do artigo seleccionados en función da unidade fonolóxica precedente. As secuencias b) a actuación da regra de reaxuste (un proceso morfolóxico de *subtracción* xerado pola presenza do artigo ou do pronome) que deixa a secuencia definitivamente preparada para que actúen as regras fonolóxicas. As secuencias c) presentan o resultado fonético final froito da aplicación das regras fonolóxicas, que enxertan a realización que lle corresponde a cada unidade fonolóxica.

É evidente que non actúa unha regra fonolóxica que borre a realización de /N/ ante /n/ ou a de /R/ ou /S/ ante /l/, xa que se así fose, non poderían existir secuencias *-sl-*, ou *-rl-* nin *-nn-*, pois as regras fonolóxicas actúan con independencia da categoría gramatical das unidades que se poñen en contacto e en tódolos contextos: [beʒ 'lɔɣo] < /beS 'lɔgO/ 'vés logo', [es'taɲnos fa'laɲdo] < /ES'taNnOS fa'laNdO/ 'estannos falando'⁹. Simplemente, /R/, /S/ e /N/ non existen na representación subxacente previa á actuación das regras fonolóxicas. O que si está claro é que a compoñente morfolóxica debe ter acceso ás unidades fonolóxicas de que consta a palabra antes de actuaren as regras de reaxuste, pois se non é así, ¿como poden seleccionarse os alomorfos?

En canto ó proceso de inserción da 1ªF, na nosa proposta observamos que nel non actúan as regras de axuste, pero si, por exemplo, as regras fonolóxicas que introducen os segmentos que realizan os fonemas e as que actúan para evitar un hiato.

- a) /kaN'taba/ + /O/
 b) [kaɲ'taβaɔ] ~ [kaɲ'taβɔ] ~ [kaɲ'taβajɔ], etc.

⁹ Algunhas reducións de *-nn-* a *-n-* ([es'taɲnos fa'laɲdo] > [estanos fa'laɲdo]) que se poden observar nalgunhas ocasións non están gramaticalizadas, como si o están as que vimos comentando) e dependen moitas veces de factores contextuais.

En a) témo-las formas base sobre as que xa actúan directamente as regras fonolóxicas que orixinan as realizacións fonéticas de b), sen que sexan preciso ningún proceso morfolóxico que modifique as formas que entran no xogo. Polo tanto, as 1^aF insírense dun xeito máis doado cás 2^a e 3^aFs.

As vantaxes de recoñece-la presenza da 3^aF tras nasal son varias: non se complica a descrición da fonoloxía da lingua con excepcións motivadas por causas extrafonolóxicas, de forma que o segmento fonolóxico /N/ sempre se realiza [ŋ] ante vocais. Unha mesma regra (de *subtracción*) permite que se insiran dúas variantes contextuais dunha mesma entidade morfosintáctica. Pola contra, do outro xeito, hai que habilitar unha regra de *subtracción* para enxerta-las 2^as e unha regra de *mutación* fonolóxica para enxerta-las 1^aFs trala nasal. Segundo isto, ¿por que non considerar tamén as denominadas 2^aFs como o produto dunha mutación fonolóxica que troca /R/ ou /S/ da palabra base en /l/ ante as 1^aFs? Isto sería como afirmar que o artigo e o pronome non teñen máis ca un alomorfo. Recoñece-la existencia da 3^aF tras nasal introduce congruencia no modelo de descrición cun custo simple: amplia-lo contexto en que a 3^aF aparece, pois, como sabemos no caso dos pronomes, xa é necesario tela en conta cando nos atopamos ante verbos rematados en ditongo. Ó mesmo tempo e dun xeito congruente co que lle acontece a /R/ e /S/, dáse conta de qué pasou co segmento /N/ (que aparecía antes da inserción do alomorfo *no*) pertencente á palabra modificada¹⁰.

4.3. Quedan aínda moitos puntos por esclarecer, algún deles fundamental. Cómpre en primeiro lugar aclarar por qué a morfoloxía do artigo permitiu certas alternancias que o pronome non tolera ou non xeneraliza. Variacións coma as seguintes son posibles na morfoloxía dos artigos en toda Galicia: [koʔeðelos 'kartos] ‘colléde-los cartos’ ou [koʔeðes os 'kartos] ‘colledes os cartos’ e [kɔʔenos 'kartos] ou [kɔʔeŋ os 'kartos] ‘collen os cartos’. Cos pronomes, sen embargo, é obrigatoria a construción [koʔeðelos] ‘collédelos’ e imposible a construción *[koʔeðesos] ‘collédesos’ (secuencia que si existe en dialectos portugueses, con [z] intervocálico); infrecuente, pero posible dialectalmente, é [kɔʔeŋos] ‘cóllenos’, aínda que non é raro en falantes novos e en neofalantes que manteñen [kɔʔenos] ‘cóllenos’ con [n] a pronuncia [noŋo'keɾo] ‘non o quero’ ou [keŋo'ði]o] ‘quen o dixo’ con [ŋ]. Cómpre tamén afondar no estudio destas secuencias pronominais como [noŋ o 'keɾo] ‘non o quero’ ou [faŋo] ‘fano’ e das secuencias con artigo como [faŋ as 'kamas] ‘fan as camas’: ¿cal é a secuencia fonolóxica que subxace?, ¿cal é a segmentación morfolóxica que lles corresponde?, ¿é igual para o artigo e para o pronome?

Aínda que non temos lugar para estendernos, podemos tentar algunha interpretación. En principio, podemos explica-la desaparición das 2^aFs e 3^aFs dos artigos dos seus

¹⁰ A regra de subtracción non opera con pronomes só neste contexto: cando engadimos un pronome átono *nos* a un SNP da P₄: *amemos + nos > amémonos*. Nalgúns falantes tamén funciona esta regra para inseri-lo pronome *lle* no mesmo contexto: *damos + lle > dámolle*. Polo tanto, vemos que o proceso de subtracción non é unha interpretación *ad hoc* para solucionar este problema, senón que se dá noutras partes da gramática (recoremos tamén as derivacións *queixo > queixeiro*): o que facemos é estende-lo seu uso.

contextos a través da extensión da 1ªF ós ámbitos que aquelas ocupan. Como xa dixemos, as 1ªF incorpóranse sen ningunha regra de reaxuste. Coa extensión desta forma a custa das outras conséguense unha gran simplificación na morfoloxía: suprimense alomorfos, e con eles, as regras de *subtracción* que os introducen e as modificacións que estas orixinan na palabra receptora. A ampliación de contextos da 1ªF do artigo é xa moi antiga e conquistou rapidamente a posición inicial absoluta: de feito, as 1ªF do artigo “son as formas que espontaneamente os galegos sinalan como as do seu artigo” (Álvarez Blanco 1983, p. 170, n. 4). A eliminación dos outros dous alomorfos acométese de xeito progresivo e, polo que semella, moi a modo. As 1ªFs do artigo van conquistando a situación posverbal, mentres que non dominan as secuencias precedidas, por exemplo, pola preposición *por* ou polo indefinido *todos* (véxase Regueira 1989, p. 532; Hermida Gulías, 1991; e o mapas correspondentes do *ALGa II*); e polo que se ve, as 1ªFs esténdense máis rapidamente ocupando os contextos propios das 3ªFs e máis de vagar no contexto que ocupan as 2ªFs (véxase Dubert, 1995, pp. 80-82; e Regueira, 1989). Nos pronomes acusativos, segundo datos que nós manexamos no Concello de Santiago, poden estar avanzando as 1ªFs cando van proclíticas precedidas das partículas non verbais *non*, *quen*, *tamén*..., mentres que este avance non se observa na situación enclítica ó verbo. Non temos lugar aquí para afondar máis no tema, pero todo parece indicar que nos encontramos ante un caso de cambio lingüístico organizado nunha especie de difusión léxica (case mellor: difusión gramatical, véxase Chen e Wang, 1975): non se producen os cambios á vez en tódolos contextos lingüísticos posibles, senón que vai actuando ós poucos e por contextos gramaticais determinados. É posible que a relación sintáctica directa entre os artigos e as unidades determinadas acelere o proceso nesas unidades; os pronomes átonos, en tanto que complementos do verbo, poden manter con el unha relación sintáctica máis forte que mantén o seu comportamento sufixal. De tódalas formas, é un tema que queda completamente aberto no que quizais haxa que incluír problemas de fonética, entoación, pausas¹¹, diferencias dialectais (cada comunidade pode especifica-los contextos, acelerar uns ou outros), etc. etc. Este é un traballo que compete xa á dialectoloxía e ós estudos de variación lingüística.

5. CONCLUSIÓN

No presente traballo procuramos dar unha interpretación unitaria dos fenómenos de alomorfía que observamos no sistema dos pronomes acusativos da P₃ e do artigo definido en galego, xa que estas formas comparten en certa maneira unha evolución formal

¹¹ Insistimos no feito de que a velocidade con que se fale non conta, nin ás veces, a existencia de pausas. No material que temos rexistrado do galego de Santiago de Compostela temos moitos exemplos de segundas e terceira formas do artigo que inclúen pausa entre o determinante e o determinado cando o falante se expresa a modo porque dubida: en Barciela *puñianlle ele-lo... os animales*; en Conxo *quita-lo... os santos*; en Santa Cristina de Fecha *[os vellos] desían -o... os santos qui eran*.

común e unha distribución ata certo punto semellante. Defendemos que existen tres alomorfos para cada unha das unidades e que son seleccionados con criterios fonolóxicos; isto supón argumentar fundamentalmente a favor da existencia das 3^aFs tras nasal. As denominadas segunda e terceira formas agrúpanse coa palabra que as precede formando unha unidade fonolóxica e, comportándose como sufixos, ocasionan un proceso morfolóxico de subtracción que elimina da palabra precedente o arquifonema que os seleccionou (/R/ e /S/ no caso das 2^aFs e /N/ no caso das 3^aFs). Defendemos que ese arquifonema é borrado da cadea fonolóxica por un proceso morfolóxico e non por unha regra fonolóxica. Finalmente, tentamos xustificar, dentro do espazo escaso que temos, certas alternancias ocasionadas pola variabilidade que se dan na morfoloxía destas unidades (sobre todo nos artigos). Foi a nosa intención dar unha explicación enteiramente sincrónica que fuxira de referencias a fenómenos antigos.

6. BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALGa II= Instituto da Lingua Galega, *Atlas lingüístico Galego. Vol. II. Morfoloxía Non-Verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1995.
- Álvarez Blanco, Rosario, *O pronome persoal en galego*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela (inédita), 1980.
- Álvarez Blanco, Rosario, “O artigo en galego. Morfoloxía”, *Verba* 10, 1983, pp. 169-182.
- Álvarez Blanco, Rosario, “O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués”, en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII^{ème} Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 3, Tübingen: Niemeyer, 1991, pp. 517-530.
- Aronoff, Mark, *Word formation in generative grammar*, Massachusetts: MIT, 1975.
- Chen, Matthew Y. e William S-Y. Wang, “Sound change: actuation and implementation”, *Language*, 51, 1975, pp. 255-280.
- Dubert García, Francisco, “Algúns fenómenos morfolóxicos de galego de Santiago”, *Cadernos de lingua* 11, 1995, pp. 71-101.
- Gram. Gal.* = Álvarez, Rosario, X. L. Regueira e H. Monteagudo, *Gramática Galega*, Vigo: Galaxia, 1986.
- Hermida Gulías, Carme, “O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais”, *Cadernos de Lingua* 4, 1991, pp. 71-85.
- Matthews, P. H., *Morphology. Second edition*, Cambridge: Cambridge University Press, 1991.
- Normas* = I.L.G. / R.A.G., *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, 1995¹².
- Pena, Jesús, “Sobre los modelos de descripción en morfología”, *Verba* 17, 1990, pp. 5-75.
- Porto Dapena, Álvaro, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, anexo 9 de *Verba*, 1977.
- Regueira Fernández, Xosé Luís, *A fala do norte da Terra Cha*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela (inédita), 1989.
- Scalise, Sergio, *Generative Morphology*, Foris Publications-Dordrecht, 1984. Cito pola tradución española: *Morfología Generativa*, Madrid: Alianza Editorial, 1987.
- Taboada Cid, Manuel, *El habla del Valle de Verín*, anexo 15 de *Verba*, 1979.
- Veiga Arias, Amable, *Fonología gallega*, Valencia: Bello, 1976.
- Veiga, Alexandre, “En torno a los conceptos de neutralización y distribución defectiva”, *Verba* 20, 1993, pp. 113-140.